



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE VICEPRESIDENCIA SEGUNDA, ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DE LUGO

##### Anuncio

**Resolución do 9 de novembro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Oourol. (Expediente IN407A 2021-46AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, 9. 27003 Lugo
- Denominación: "TELECONTROL NUEVO C.S. "REGO DE TOXOSO"
- Situación: concello de Oourol
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20211257 en data 30 de abril de 2021.
- Características técnicas principais:
  - Instalación dun apoio tipo C-2000-20-B2 na LAT 20kV Centrales, entre os apoios existentes 220632 e 263929.
  - LMT soterrada 20kV Centrales dende SE Magazos, con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio proxectado e final no CS Rego de Toxoso (proxectado), cunha lonxitude de 35 metros en condutor RHZ1-150.
  - LMT soterrada 20kV Centrales dirección CT 1437 Borra y otros, con orixe no CS Rego de Toxoso (proxectado) e final nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio proxectado cunha lonxitude de 35 metros en condutor RHZ1-150.
  - CS Rego de Toxoso en edificio prefabricado, no cal se instalan tres celas de liña telemandadas e unha de protección para servizos auxiliares.
- Finalidade da instalación: Mellora de instalacións
- Orzamento: 53.903,40 €
- Documentación complementaria:
  - Separata para o Concello de Oourol
  - Separata para Augas de Galicia

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, e tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 9 de novembro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3463

---

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SECCIÓN DE PATRIMONIO

#### *Anuncio*

Por acordo unánime do Pleno da Deputación de Lugo con data do 30 de novembro de 2021 foi aprobada cesión gratuíta da titularidade e 5 vehículos de mando Mitsubishi Montero 5P 3.2 DI-D a favor do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios.

De conformidade co artigo 110.1.f) do Real Decreto 1372/1986 do 26 de novembro do Regulamento de bens das entidades locais e do artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se somete a información pública por prazo de vinte días a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado na Secretaria Xeral Adxunta da Deputación de Lugo e formular as alegacións que se estimen pertinentes, noutro caso o antedito acordo entenderase definitivo.

Lugo, 1 de decembro de 2021.- O Secretario Xeral Adxunto, Jose Antonio Mourelle Cillero.

R. 3480

---

## CONCELLOS

### CERVANTES

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Cervantes, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2021 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 17/2021 baixo a modalidade de Suplemento de créditos financiado con remanente líquido de tesourería, destinado a financiar gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable por importe de 376.845,47 euros.

O expediente exponse ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Cervantes, 29 de novembro de 2021.-O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 3445

**CERVO***Anuncio*

Faise público que pola Xunta de Goberno Local de data 25 de novembro de 2021 aprobouse o expediente e prego de cláusulas regulador do concurso para a adxudicación do contrato de cesión de uso en réxime do arrendamento dun monte de propiedade municipal en Sargadelos, para destinalo a actividade de permacultura.

**1.- Entidade adxudicadora**

- a) Organismo : Concello de Cervo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría/Intervención.
- c) Domicilio: Praza do Concello s/n.
- d) Localidade e código postal: 27891 Cervo (Lugo).
- e) Teléfono: 982 557 777
- f) Fax : 982 557 729
- g) Dirección de Internet de transparencia: [www.concellodecervo.com](http://www.concellodecervo.com)

**2.- Obxecto do contrato**

- a) Tipo: Contrato de cesión de uso en réxime de arrendamento.
- b) Descrición: contratos de cesión de uso en réxime de arrendamento dun monte de propiedade municipal en Sargadelos, para destinalo a actividade de permacultura.
- c) Prazo de cesión de uso: Catro anos, con posibilidade dunha prórroga de un ano.
- d) NUTS: ES112.

**3.- Tramitación e procedemento.**

- a) Tramitación : ordinaria.
- b) Procedemento : aberto.
- c) Criterios de adxudicación:
  - 1.- Criterios avaliados automaticamente (100 puntos como máximo):
    - Prezo (40 puntos)
    - Creación de postos de traballo (30 puntos)
    - Programación anual de accións ou actividades que se pretendan executar para a promoción (30 puntos).

**4.- Canon anual a percibir polo Concello de Cervo como contraprestación pola cesión de uso en réxime de arrendamento do ben inmovible.**

Ben	Valor do ben	Canon anual en euros
Monte municipal en Sargadelos	8.434,80 €	506,09 €

Ao canon resultante da adxudicación da cesión de uso en réxime de arrendamento do local referido, aplicaráselle o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que corresponda.

En todo caso, na Cláusula 13ª do Prego de Cláusula, establécense os requisitos para a aplicación, no seu caso, de bonificacións ao canon.

**5.- Garantías esixidas**

- a) Provisional : Non se esixe.
- b) Definitiva: Non se esixe.

**6.- Requisitos específicos do contratista**

- a) Clasificación : Non se esixe.
- b) Solvencia económica, financeira, técnica e profesional: A esixida no prego de cláusulas administrativas.
- c) Obrigas dos cesionarios adxudicatarios: As establecidas na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

**7.- Presentación de ofertas**

- a) Prazo: Un mes contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP Lugo.

**b) Lugar de presentación:**

1.- Dependencia: Rexistro Xeral do Concello de Cervo en horario de 09:00 a 14:00 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. Se o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado, domingo ou festivo o prazo terminará o primeiro día hábil seguinte.

2.- Domicilio: Praza do Concello s/n

3.- Localidade e código postal: 27891, Cervo (Lugo)

4.- Fax: 982 557 729

c) Modalidade de presentación: No Rexistro Xeral ou a través do portal de transparencia do Concello de Cervo. No caso de envío por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante comunicación telegráfica, fax ou telefax o mesmo día da presentación.

**8.- Gastos:** Por conta do contratista adxudicatario.

Cervo, 26 de novembro de 2021.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3446

---

**COSPEITO***Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL****SUMARIO**

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local por instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

**TEXTO**

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2021, acordou a aprobación provisional da imposición da taxa por aproveitamento especial do dominio público local por instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e a Ordenanza fiscal reguladora do mesmo.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.concellodecospeito.es>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Cospeito 28 de novembro de 2021.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3447

---

**OUTEIRO DE REI***Anuncio***Exposición ao público da conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2020.**

Formulada e rendida a conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2020 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 26 de novembro de 2021; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados poderán presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Outeiro de Rei, 29 de novembro de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3448

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o **18 de novembro de 2021**, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao terceiro trimestre do ano 2021 da:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30.03.2022** Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro 19 de novembro de 2021.-O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3449

## RIBADEO

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 49 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local faise público que por acordo plenario de **data 30 DE NOVIEMBRE de 2021** se prestou aprobación inicial á modificación da **ORDENANZA T6 REGULADORA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

Dita Ordenanza queda exposta ao público na Secretaría Municipal desta Entidade por prazo de 30 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P. de Lugo a efectos de exame e presentación de reclamacións e suxerencias que procedan.

De non presentarse reclamacións á mesma entenderase automaticamente aprobada de xeito definitivo.

---

Ribadeo, 1 de decembro de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3481

---

*Anuncio*

**APROBACIÓN PROVISIONAL**

**ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVICIOS DE SUMIDOIRO**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 30/11/2021, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVICIOS DE SUMIDOIRO

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, 1 de decembro de 2021.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3482

---

*Anuncio*

**APROBACIÓN PROVISIONAL**

**ORDENANZA FISCAL T18 DISTRIBUCION DE AUGA**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 30/11/2021, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T18 TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, 1 de decembro de 2021.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3483

---

*Anuncio*

**APROBACIÓN PROVISIONAL**

**ORDENANZA FISCAL T26 SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 30/11/2021, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T26 SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, 30 de novembro de 2021.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3484

---

**RIBEIRA DE PIQUÍN***Anuncio*

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada con data 22 de novembro de 2021, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun/ha **Axente de Emprego e Desenvolvemento Local**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de doce (12) meses.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:00 / 14:00 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: [www.ribeiradepiquin.es](http://www.ribeiradepiquin.es), podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 29 de novembro de 2021 O Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 3461

**O SAVIÑAO***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. MC 29/2021.**

O Pleno do concello de O Saviñao, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria núm. 29/2021, na modalidade de transferencia de créditos entre partidas de gastos de distinto grupo de función (áreas de gasto) que non afectan a gastos de persoal.

E dando cumprimento ao disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no BOP de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o dito prazo, non se houberen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

O Saviñao, 27 de novembro de 2021.- O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3450

**O VALADOURO***Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO DE 2021**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de novembro de 2021, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2021 polo importe total de 6.200,90€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 26 de novembro de 2021.-O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3451

**O VICEDO***Anuncio*

Aprobadas as rectificacións (RECT. V2019 - 03; RECT. V2021 - 06) do inventario de vías e camiños municipais pertencentes a este municipio mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2021, ábrese un período de exposición pública por prazo de vinte días hábiles, que se computarán a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que calquera interesado poida examinar o expediente na sede municipal e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes.

Transcorrido o citado prazo sen que se presentaran reclamacións, entenderanse aprobadas definitivamente as devanditas revisións.

O Vicedo, 29 de novembro de 2021.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3452

**XERMADE***Anuncio***Asunto: aprobación bolsa emprego operario/a servizos múltiples e nomeamento funcionarios interinos**

Por Decreto da Alcaldía núm. 2021-0416 de data 29/10/2021 aprobouse a bolsa de emprego para a provisión, mediante funcionario/a interino/a, de prazas de operario/as de servizos múltiples do Concello de Xermade, formada polos seguintes aspirantes que superaron o proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	DNI	Puntuación fase concurso	Puntuación fase oposición	Puntuación total
Pérez Corral, Abel	76***024H	25,90	66,00	91,90
González Vázquez, Juan José	32***151Y	20,40	64,00	84,40
Fernández Ferreiro, Francisco Javier	33***198K	25,00	52,00	77,00

Asemade, nomeouse funcionarios interinos, consonte ao art. 10.1.a) do RDLex. 5/2015, para o postos de operario/as de servizos múltiples (código SM-01 e SM-02) dende o 02/11/2021 ata a cobertura da vacante por persoal funcionario de carreira, ás seguintes persoas:

- Pérez Corral, Abel con DNI 76\*\*\*024H
- González Vázquez, Juan José con DNI 32\*\*\*151Y

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 29 de novembro de 2021.-O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3453

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente:** A/27/05105/E

**Asunto:** Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

**Titular:** Balbino López Arias

**Nombre del río o corriente:** Un pozo

**Punto localización:** Finca Tras da Devesa, Calleiros, San Fiz de Vilapedre

**Término municipal y provincia:** Sarria, Lugo



Caudal concedido: 0,054 l/s

Destino: Abastecimiento y usos ganaderos

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 13

De marzo de 1996

Registro de Aguas: 4954, Sección A, en el Tomo 0050, hoja número 054

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Sarria** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense. 25 de noviembre de 2021.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 3454

---

*Anuncio*

**Expediente: A/27/34049**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 16 de noviembre de 2021 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Diputación Provincial de Lugo, la oportuna concesión para aprovechamiento de un caudal de 0,052 l/s de agua procedente del manantial Fonte de Abeleda, en el término municipal de Monforte de Lemos (Lugo), con destino a abastecimiento del Club Náutico Ponte do Sil.

Lugo, 24 de noviembre de 2021.- El Jefe de Servicio, José Manuel Blanco López.

R. 3455

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/07314/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Usuarios de Serra-Condomiña

Nombre del río o corriente: Manantaial Serra-Condomiña

Punto localización: Lugar de Serra, parroquia de Santa Cristina

Término municipal y provincia: Paradela, Lugo

Caudal concedido: 0,23 l/s

Destino: Abastecimiento y usos ganaderos

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 30 de abril de 1998

Registro de Aguas: 7753, Sección A, en el Tomo 0078, hoja número 053

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada

por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Paradela** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense. 25 de noviembre de 2021.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 3456

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente:** A/27/08182/E

**Asunto:** Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

**Titular:** José Moquera Paz

**Nombre del río o corriente:** Manantial Fonte de Devesa Dala

**Punto localización:** Monte de Alledo, Furco

**Término municipal y provincia:** Carballedo, Lugo

**Caudal concedido:** 0,04 l/s

**Destino:** Abastecimiento y usos ganaderos

**Título:** Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

**Fecha:** 21 de diciembre de 1999

**Registro de Aguas:** 8989, Sección A, en el Tomo 0090, hoja número 089

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Carballedo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense. 25 de noviembre de 2021.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero

R. 3457

---